



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontevedra (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### DECLARACIÓN COMO ESENCIAL, INDISPENSABLE E DE INTERÉS XERAL AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, suspensión de prazos administrativos, dispón a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O R.D. 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o apartado o R.D. 463/2020, no apartado catro do seu artigo único modifica disposición adicional terceira, engadindo o apartado 4, o cal establece: "Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios."

Esta alcaldía diante da emerxencia sanitaria e do estado de alarma no que nos encontramos e logo de ver a crise social e económica que se está a producir, a paralización de servizos básicos, como a contratación administrativa, que deben protexer o interese xeral son un obstáculo á creación de emprego, ao desenvolvemento socioeconómico, producindo desemprego e desequilibrio socioeconómico.

Logo de ver o marco normativo que regula as medidas excepcionais do estado de alarma como consecuencia da emerxencia sanitaria do COVID-19, por esta alcaldía solicitouse verbalmente á secretaría municipal a emisión dun informe sobre a suspensión dos prazos no ámbito da contratación administrativa, o cal foi emitido na data do 23 de abril de 2020, sendo do seguinte teor literal:

"En cumprimento da petición verbal do Sr. Alcalde da emisión de informe relativo a continuación, iniciación e aprobación de expedientes de contratación que se encontran iniciados ou pendentes de inicio, emite o seguinte:

#### INFORME

**1º.-** O marco normativo da actual situación de emerxencia sanitaria está composto dos R.D.L 6, 7, e 8/2020 e seguintes, en canto ás medidas urxentes e extraordinaria en materia sanitaria, económica e social. Os R.D 463 e 465/2020 veñen a modificar, entre outras, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, e en especial a suspensión dos prazos administrativos nela previstos.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, suspensión de prazos administrativos, dispón a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O R.D. 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o apartado o R.D. 463/2020, no apartado catro do seu artigo único modifica disposición adicional terceira, engadindo o apartado 4, o cal establece: "Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.”

As excepcións motivadas á regra xeral da suspensión de prazos son as seguintes:

- Actuacións nos procedementos cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.
- Procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral
- Procedementos administrativos que sexan indispensables para o funcionamento básico dos servizos
- Procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

Polo tanto, consonte a redacción vixente do R.D. 465/2020, do 17 de marzo, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Se a alcaldía considera como indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos a continuación, o inicio e a licitación dos procedementos en materia de contratación pública deberá motivalos expresamente, agás os que se consideren urxentes e relacionados cos servizos, subministros ou obras relacionados directamente coa situación de emerxencia sanitaria que se poderán facer polo trámite de emerxencia, consonte ao artigo 120 LCSP, prevista no artigo 16. Contratación, do RDL 7/2020, de 12 de marzo.

Logo de ver o anteriormente exposto, a xuízo de quen subscribe, polo órgano competente poderase acordar mediante resolución motivada as medidas de ordenación, instrución e aprobación, estritamente necesarios con respecto aos procedementos de contratación, e polo tanto das actuacións preparatorias consistentes en actos de inicio, impulso, ordenación e instrución necesarios, internos e previos á fiscalización e aprobación de dos sobreditos expedientes.

**2º.-** Logo de ver o exposto no punto 1º, cabe analizar a forma e os medios dispoñibles con que conta o Concello de Ponteceso para levar a cabo as medidas de ordenación, instrución e aprobación dos expedientes de contratación.

Os medios dispoñibles en canto á actividade da administración, no estado de alerta actual, o RDL 8/2020, DE 17 de marzo, establece o carácter preferente do traballo a distancia, o cal está implantado no Concello de Ponteceso desde o día 13 de marzo de 2020, en cumprimento da Resolución da Alcaldía 171/2020, desa mesma data, relativo ás medidas a adoptar no Concello de Ponteceso con motivo da emerxencia sanitaria causada polo COVID-19. Nesta resolución régúlase na súa medida outava, as modalidades non presenciais de traballo. Para garantir a prestación dos servizos considerados esenciais, Secretaría, Intervención, Tesourería e Coordinación Xeral, os titulares dos mesmos prestarán os seus servizos de forma telemática, non presencial, estando a dispor desa alcaldía. En supostos debidamente xustificados permitirase modalidades non presenciais de traballo. Na medida décima establécese a suspensión provisional das sesións públicas.

Nos procedementos de contratación intervén a mesa de contratación, a cal está regulada polo acordo do Pleno de data 1 de xullo de 2020 e así forman parte da mesma como titulares o Alcalde,


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

como presidente, e como vogais a secretaria, a interventora e o coordinador xeral, e como secretario o administrativo de administración xeral, xefe da unidade administrativa.

O RDL 11/2020, de 31 de marzo, na súa disposición final segunda modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Engádese un novo apartado 3 ao artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, coa seguinte redacción:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.»

A mesa de contratación é un órgano colexiado de asistencia na materia de contratación e por ilo está habilitada legalmene para celebrar as súas sesións a distancia por medios electrónicos e telemáticos se así o dispón o seu presidente.

O persoal administrativo intervinente nos procedementos de contratación ten os medios suficientes para realizar o traballo a distancia por medios electrónicos, ou ben, no caso que o alcalde así o ordene de forma presencial, e a mesa de contratación poderá celebrar as suas reunións ben en forma presencial, coas medidas sanitarias precisas, ou por calquera medio electrónico ou telemático, consonte ao referido artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## CONCLUSIÓN

O Concello de Ponteceso por medio da Resolución da Alcaldía de data 13 de marzo de 2020 ten regulados os servizos esenciais e a implantación do teletraballo, polo que conta cos medios suficientes para realizar os traballos relativos aos procedementos de contratación. O órgano da mesa de contratación poderá constituírse e celebrar as súas sesións e ao limitarse esta actividade ao ámbito interno da propia Administración xeral, non existen no procedemento terceiras persoas interesadas, no sentido establecido no número 3 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Pódese concluir que Concello de Ponteceso conta cos medios suficientes para poder desenvolver a actividade de contratación e, e a mesa de contratación poderá celebrar as súas sesións de forma presencial ou a distancia por medios electrónicos ou telemáticos, de conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, consonte á modificación introducida pol RDL 11/2020, de 31 de marzo.

Deberase ter en conta, ademais, que a aludida actividade interna preparatoria resulta de interese xeral, ademais de indispensable, necesaria e esencial para o funcionamento básico dos servizos, dado que, por unha banda, constitúe o presuposto indispensable para que se poida decidir a aprobación e publicación dos correspondentes expedientes de contratación, se é o caso, á vista da


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

evolución das circunstancias concorrentes, e tendo en conta sempre a debida atención preferente das necesidades vitais e indispensables derivadas da emerxencia sanitaria.

E por outra banda, a actividade interna preparatoria dos expedientes precitados que se poida realizar nestes momentos evitará posibles acumulacións de traballo unha vez que se produza o levantamento da declaración do estado de alarma e da situación de emerxencia sanitaria, promovendo, polo tanto, a eficacia e eficiencia da Administración e a satisfacción por esta do interese xeral ínsito en tales expedientes. Concorren, pois, as razóns de protección de interese xeral e de garantía do funcionamento básico dos servizos previstas no número 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

A Alcaldía co seu mellor criterio e fundamento resolverá o que, en dereito, estime máis procedente no cumprimento do interese xeral.

Sen prexuízo doutro mellor informe fundado en dereito.

Ponteceso, 23 de abril de 2020.

O secretario accidental. Asdo.: Emilio Caínzos Quintás”.

De conformidade co precitado informe, ao considerar ao servizo de contratación administrativa como esencial, indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos municipais, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Declarar ao servizo de contratación administrativa como esencial, indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos municipais, tendo en conta sempre a debida atención preferente das necesidades vitais e indispensables derivadas da emerxencia sanitaria causada polo COVID-19, ao considerar que a actividade interna preparatoria dos expedientes precitados que se poida realizar nestes momentos evitará posibles acumulacións de traballo unha vez que se produza o levantamento da declaración do estado de alarma e da situación de emerxencia sanitaria, promovendo, polo tanto, a eficacia e eficiencia da Administración e a satisfacción por esta do interese xeral ínsito en tales expedientes

**Segundo.-** Ordear ao servizo de contratación o inicio ou reanudación da actividade interna preparatoria dos expedientes de contratación, de ordenación, instrucción, coa emisión dos preceptivos informes e de fiscalización, aprobación, publicación e adxudicacións dos expedientes de contratación, a ao concorrer as razóns de protección do interese xeral e de garantía do funcionamento básico dos servizos previstas no número 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a actividade regularase polo establecido na Lei 9/2017, LCSP, cos correspondentes prazos, e consonte á Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

**Terceiro.-** Ordear á mesa de contratación a reanudación das sesións que correspondan nos distintos procedementos de contratación, as cales poderán celebrarse de forma presencial ou ben a distancia con medios electrónicos ou telemáticos, de conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e coa Resolución desta alcaldía de data 13 de marzo de 2020.

**Cuarto.-** Publicar no Portal de Transparencia e na páxina web municipal para información, publicidade e xeral coñecemento, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 24/04/2020 14:11:00) , Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 24/04/2020 16:02:00)

Decreto Nº: 251/2020 - Fecha de decreto: 24/04/2020

Versión imprimible

CVD: pD/Bdsd6/Br8HEg53ZFa

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.